

Resolución do 8 de xullo de 2009, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se modifica a Resolución do 18 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario.

Por resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), convocouse concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario.

Entre os exercicios da fase de oposición que se establecen no anexo III da devandita resolución, figura un exercicio sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, inclusive), que de conformidade co establecido no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, se realizaría exclusivamente en lingua galega.

Por outra banda, e respecto ao exercicio de coñecemento da lingua galega, non se establece a exención da súa realización para os aspirantes que estean en posesión dos cursos de coñecemento da lingua galega.

A Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, modifica a redacción do devandito artigo 35 e na disposición transitoria única establécese a aplicación da liberdade de elección de lingua galega e de lingua castelá nos procesos selectivos en curso respecto dos exercicios que aínda non estean realizados.

De conformidade co anterior, e tendo en conta que a realización dos exercicios da fase de oposición para o ingreso nas citadas categorías está prevista a partir do vindeiro mes de outubro, procede adaptar a devandita resolución á nova redacción do artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, antes citado.

Este centro directivo, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a base sétima da Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario, que terá a seguinte redacción:

1. Para o acceso a todas as categorías convocadas, os/as aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentos/as de contestar as preguntas sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos inclusive).
2. Ademais, para o acceso ás categorías do grupo técnico e grupo de xestión da función administrativa, os/as aspirantes que pertencen a unha categoría da función administrativa do grupo de clasificación inmediatamente inferior ao da categoría a que aspiran estarán exentos/as de realizar o terceiro exercicio de desenvolvemento de temas.
3. Así mesmo, os/as aspirantes que pertencen á categoría do grupo auxiliar da función administrativa e aspiren a acceder á categoría de persoal de servizos xerais, así como aqueles/as que pertencen á categoría de persoal de servizos xerais que aspiren a acceder á categoría do grupo auxiliar da función administrativa, estarán exentos/as de realizar o segundo exercicio de contido práctico co ordenador.
4. Igualmente, para o acceso a categorías de diplomados/as sanitarios/as (ATS/DUE, enfermeiro/a de saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, matró/a e terapeuta ocupacional), os/as aspirantes que pertencen a unha categoría de diplomado/a sanitario/a estarán exentos/as de contestar as preguntas relativas aos temas do nove ao dezaioito do programa, ambos inclusive.
5. Para determinar a orde de prelación entre os/as aspirantes da quenda de promoción interna de todas as categorías convocadas, excepto as de diplomados/as sanitarios/as, só se terán en conta as puntuacións dos exercicios comúns para todas as quendas de acceso así como a puntuación do correspondente baremo. Para as categorías de diplomados/as sanitarios/as só se terán en conta as puntuacións da segunda e terceira parte do primeiro exercicio así como a puntuación do correspondente baremo.
6. O persoal seleccionado pola quenda de promoción interna terá preferencia para a elección de prazas respecto ao persoal seleccionado polas demais quendas, sen prexuízo do establecido no número sete da base oitava, respecto das persoas con discapacidade.

Segundo.-Modificar o anexo III da devandita resolución, que terá a seguinte redacción:

ANEXO III

*Exercicios para todas as categorías: (excepto grupo técnico da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, ATS/DUE, enfermeiro/a de saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, matró/a, terapeuta ocupacional, grupo administrativo da función administrativa, cociñeiro, grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais).

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio con dúas partes diferenciadas, nun prazo máximo de 150 minutos:

1. Contestación por escrito de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido da parte específica do programa.

2. Contestación por escrito de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 5 preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre os temas da parte específica do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría.

Este exercicio será valorado de 0 a 50 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor deste.

2º Exercicio (obligatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos inclusive), nun prazo máximo de 15 minutos, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

3º Exercicio (obligatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír os cursos de coñecemento da lingua galega que, para cada categoría, se especifican a continuación ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás cales se lles asignarán 5 puntos.

-Enxeñeiro/a técnico/a, traballador/a social, técnico/a especialista en hixiene bucal, técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a especialista en imaxe para o diagnóstico clínico, técnico/a especialista en radioterapia, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información: Celga 4 ou equivalente (curso de perfeccionamento da lingua galega).

-Albanel, auxiliar de enfermaría, calefactor/a, carpinteiro/a, costureiro/a, electricista, fontaneiro/a, mecánico/a, perruqueiro/a e telefonista: Celga 3 ou equivalente (curso de iniciación da lingua galega).

-Celador/a, lavandei/a, pasador/a de ferro e pinche: Celga 2 ou equivalente.

*Grupo técnico da función administrativa:

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido da parte común e da parte xeral do programa, nun prazo máximo de 75 minutos.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un a oito, ambos inclusive) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as que terá unha puntuación de 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos, no tempo máximo de 90 minutos, relacionados coa parte específica do programa.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes poderán utilizar toda clase de textos normativos non comentados que consideren axeitados. Nesta proba valorarase o rigor analítico, a sistemática e a claridade de ideas a prol da elaboración dunha proposta razoada.

Este exercicio será valorado de 0 a 15 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non apto.

3º Exercicio (eliminatório):

Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de 120 minutos, dous temas, un da parte xeral e outro da parte específica do programa, elixidos ao chou polo/a aspirante entre dous sorteados de cada unha das partes.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal polo/a aspirante, apreciando, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e o rigor na exposición e a calidade de expresión escrita.

Este exercicio será valorado de 0 a 10 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba, serán cualificados directamente como non apto.

4º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento da lingua galega por parte dos/das aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*Grupo de xestión da función administrativa:

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido do programa, nun prazo máximo de 75 minutos.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un ao oito, ambos inclusive) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as cales terá unha puntuación de 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos, no tempo máximo de 90 minutos, relacionados coa parte específica do programa.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes poderán utilizar toda clase de textos normativos non comentados que consideren axeitados. Nesta proba valorarase o rigor analítico, a sistemática e a claridade de ideas a prol da elaboración dunha proposta razoada.

Este exercicio será valorado de 0 a 15 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non apto.

3º Exercicio (eliminatório):

Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de 120 minutos, dous temas da parte específica do programa, elixido polo/a aspirante entre catro sorteados.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante el tribunal polo/a aspirante, apreciando, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e o rigor na exposición e a calidade da expresión escrita.

Este exercicio será valorado de 0 a 10 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba, serán cualificados directamente como non apto.

4º Exercicio (obligatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento da lingua galega por parte dos/as aspirantes nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*ATS/DUE, enfermeiro/a de saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, matró/a e terapeuta ocupacional.

1º Exercicio: (eliminatório):

Consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, con tres partes diferenciadas, nun prazo máximo de 150 minutos:

1. Contestación por escrito de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común a todas as diplomaturas sanitarias do programa (temas nove ao dezaioito, ambos inclusive), de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna que pertencen a unha categoría de diplomado/a sanitario/a.

2. Contestación por escrito de corenta e cinco preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis catro preguntas de reserva, sobre o contido da parte específica do programa.

3. Contestación por escrito de corenta e cinco preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis catro preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre os temas da parte específica do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría.

Este exercicio será valorado de 0 a 50 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna que pertencen a unha categoría de diplomado/a sanitario/a para os/as que terá unha puntuación de 45 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (obligatorio e non eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos inclusive), nun prazo máximo de 15 minutos, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

3º Exercicio (obligatorio e non eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*Grupo administrativo da función administrativa:

1º Exercicio (eliminatorio):

Consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, con dúas partes diferenciadas, nun prazo máximo de 150 minutos:

1.- Contestación por escrito de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido do programa.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un a oito, ambos incluídos) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

2. Contestación por escrito de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre os temas da parte específica do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría.

Este exercicio será valorado de 0 a 55 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as que terá unha puntuación de 50 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (obligatorio e non eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

***Cociñeiro:**

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido da parte específica do programa nun prazo máximo de 75 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na realización dunha proba de carácter práctico de cociña para a demostración das aptitudes, destrezas e capacidade profesional en relación coas funcións propias da categoría, co tempo e cos medios que o tribunal considere axeitados.

Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non alcancen a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non aptos.

3º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos incluídos), nun prazo máximo de 15 minutos, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

4º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

***Auxiliares da función administrativa e persoal de servizos xerais:**

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido do programa nun prazo máximo de 75 minutos.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un a oito, ambos incluídos) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as que terá unha puntuación de 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na realización dunha proba de contido práctico co ordenador a través da que se evidencie o coñecemento dos/as aspirantes da materia informática e da súa aplicación práctica, sobre manexo de paquetes ofimáticos (folla de cálculo e procesador de textos) na versión 2007 de Microsoft Office, no tempo e cos medios que o tribunal considere axeitados.

O tribunal por cuestión de índole organizativa poderá propoñer exercicios distintos de similares características, que serán sorteados nos correspondentes chamamentos parciais.

Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non apto.

3º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

Terceiro.-Abrir o prazo, ata o 31 de agosto de 2009, inclusive, para que os aspirantes admitidos ao proceso selectivo convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), presenten, na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (edificio administrativo San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela) copia cotexada do correspondente curso de coñecemento da lingua galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística ou a validación correspondente de conformidade co establecido na orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo).

A devandita documentación poderá presentarse en calquera dos lugares sinalados no parágrafo 4 da base terceira da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2009.

Rocío Mosquera Álvarez
Xerente do Servizo Galego de Saúde



ANEXO

Nome e apelidos:

DNI:

Categoría:.....

Teléfono de contacto:.....

Para os efectos da exención do exercicio de coñecemento da lingua galega da fase de oposición, achego a seguinte documentación:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

.....,dede 2009.

Asdo.: